

ANEXO III

**DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE E
DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A
CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS**

Don/Dona , con NIF , no nome e representación
da entidade: , con CIF

DECLARA baixo a súa responsabilidade (sinalar cun X o que proceda) que para a finalidade denominada:

- Que non solicitou e non se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Que solicitou e se lle concederon (ou está pendente de resolución de concesión) axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou entidades vinculadas ou dependentes delas, como se indica a continuación:

| DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE FOI SOLICITADA A AXUDA | DATAS DE | | IMPORTE |
|---|----------------------|--------------------------|----------------------|
| | SOLICITUDE | CONCESIÓN ⁽¹⁾ | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "PENDENTE" nesta columna. No caso de solicitudes denegadas fírase constar "DENEGADA".

A entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración. Así mesmo, o/a representante **declara** que a entidade non se atopa incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que así conste ante a Consellería de Sanidade, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de

(Sinatura)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuventís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27, parágrafos 22, 23 e 24, que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de promoción do deporte e a adecuada utilización do lecer, asistencia social, así como a promoción do desenvolvemento comunitario, aplicándose entre outros ao ámbito da xuventude.

Así mesmo, mediante o Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 79/2009, do 20 de abril, estableceuse a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e co Decreto 83/2009, do 21 de abril, a dos seus departamentos, que establece no seu artigo 8 a estrutura básica da Consellería de Traballo e Benestar. A dita consellería conta cunha Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado á cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, en virtude da Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimi-

dos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar.

A Consellería de Traballo e Benestar dispón dunha serie de instalacións xuvenís entre as cales figuran as residencias xuvenís, que, ademais do aloxamento e mantenza, ofrecen aos/ás mozos/as estudantes residentes unha serie de servizos e actividades conviviais e educativas complementarias.

Coa realización desta convocatoria preténdese favorecer o acceso ao ensino universitario dos estudantes con escasos recursos e, ao mesmo tempo, dotar de persoal de apoio no eido educativo e asistencial as residencias xuvenís que se relacionan nesta orde.

Neste marco xeral hai que incardinar esta orde, que ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se convocan prazas de colaboradores-bolseiros, en réxime de concorrencia competitiva, para as residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tendo en conta as posteriores modificacións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, e na normativa de desenvolvemento na cal se establecen os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e actividade económico-financieira, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Por todo isto, en virtude das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convocar en réxime de concorrencia competitiva esta oferta de prazas de colaboradores-bolseiros nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso académico 2009/2010, e establecer as bases para a súa concesión.

O número de prazas convocadas e a súa distribución por residencias é a seguinte:

| Residencia | Prazas |
|---------------------------------------|---------------|
| Centro Residencial Xuvenil LUG (Lugo) | 4 home/muller |
| F.L. Cuevillas (Ourense) | 5 home/muller |
| Altamar (Vigo) | 6 home/muller |

Artigo 2º.-*Destinatarios.*

Poderán solicitar as residencias todas as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser

estranxeiro residente en España no momento da solicitude de praza.

b) Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

c) Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria ou ciclo formativo de grao superior que admitan, polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.

d) Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador por causa imputable ao solicitante.

e) Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.

Artigo 3º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes, debidamente asinadas polo solicitante e segundo o modelo oficial que figura no anexo desta orde, xunto coa restante documentación, deberán presentarse en calquera dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

3. O/a interesado/a presentará exclusivamente unha única solicitude, na cal poderá optar por un centro. No caso de presentar máis dunha solicitude, non será admitida a trámite e ditarase para o efecto a oportuna resolución.

4. Deberá xuntar á solicitude a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI para españois ou equivalente para estranxeiros da Unión Europea, ou tarxeta de residencia do solicitante no caso de naturais doutros países.

b) Fotocopia compulsada de todas as follas do libro de familia onde figuren os membros da unidade familiar, ou fotocopia compulsada do título de familia numerosa, de ser o caso.

c) Certificación académica orixinal ou copia compulsada na cal figuren as notas das disciplinas correspondentes ao último curso universitario ou ciclo formativo de grao superior.

d) Xustificación de ingresos da unidade familiar: copia compulsada da declaración do IRPF correspondente á última renda, de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar. No caso de non ter obriga de declarar, certificación de Facenda da dita circunstancia. No suposto de que non sexa posible achegar a devandita certificación na data de presentación da solicitude, por non estar dispoñible, a selección quedará condicionada á presentación desta certificación con anterioridade á incorporación no centro.

e) Certificado médico no que se faga constar que o/a solicitante non padece enfermidade infecto-contaxiosa, nin defecto físico ou psíquico, que impida o normal desenvolvemento da súa actividade no centro.

f) Proxecto de actividades que pretenda desenvolver o bolseiro para a residencia xuvenil de acordo coas funcións recollidas no artigo 10.3º. Este proxecto deberá incluír: obxectivos, metodoloxía, actividades, temporalización e custos destas. Como tal proxecto, deberá ter en conta a realidade, o centro en que se pretende desenvolver e as peculiaridades dos destinatarios.

g) Documentación acreditativa de todos aqueles méritos alegados conforme os criterios de selección establecidos no artigo 5º para a súa consideración e valoración pola comisión de avaliación.

h) Declaración de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas.

5. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, o departamento territorial correspondente requirirá o/a solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42.

Artigo 4º.-*Comisión de avaliación.*

A selección de beneficiarios realízase unha comisión de avaliación, en cada unha das provincias, integrada por:

1. Polo/a xefe do Servizo de Xuventude e Voluntariado, que actuará como presidente, un/unha xefe de sección do citado servizo e os directores das residencias xuvenís situadas nesa provincia. Actuará como secretario un funcionario nomeado polo xefe territorial correspondente.

2. A dita comisión examinará as solicitudes presentadas, reservando para si o dereito de solicitar a documentación que considere necesaria para aclarar o expediente.

Artigo 5º.-*Criterios de avaliación e adxudicación de prazas.*

Os criterios de avaliación que se terán en conta para conceder estas axudas serán os seguintes:

-Proxecto de actividades. Este proxecto puntuarase de 1 a 5 puntos.

-Situación económica da unidade familiar. A este respecto terase en conta a relación de ingresos/número de membros da unidade familiar. Para estes efectos, poderanse incluír como membros da unidade familiar os fillos menores de 30 anos de idade, na data do remate do prazo de presentación de solicitudes, nos termos previstos na lexislación tributaria. Puntuarase segundo o seguinte baremo:

Inferior ao 50% do IPREM: 4 puntos.

Entre o 50% e o 75% do IPREM: 3 puntos.

Superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM: 2 puntos.

Entre o 100% e o 125% do IPREM: 1 punto.

Superior ao 125% do IPREM: 0 puntos.

-Rendemento académico segundo a nota media obtida no último curso ou na proba de selectividade. A puntuación neste caso corresponderase coa dita nota media.

-Ter a súa residencia familiar en Galicia: 1 punto.

-Por calquera outra circunstancia sociofamiliar que sexa susceptible de valoración a xuízo da comisión de avaliación e adecuadamente acreditada como a condición de familia monoparental, ou por irmán/á-áns/ás con praza renovada na residencia: 1 punto.

-A comisión de avaliación poderá citar os solicitantes para a realización dunha entrevista persoal que se valorará de 1 a 5 puntos.

Artigo 6º.-*Dereitos dos adxudicatarios.*

1. A concesión da bolsa comporta aloxamento e mantenza gratuítos na residencia xuvenil durante o seu período de funcionamento. O aloxamento será de tal xeito que lle permita ao bolseiro a normal realización dos seus estudos.

2. O recoñecemento da súa condición de colaborador-bolseiro ante o resto dos residentes.

3. Contar coa asistencia dun titor que coordine e dirixa a actividade que desenvolva como bolseiro na residencia.

Artigo 7º.-*Financiamento.*

As actuacións recollidas nesta orde constitúen unha subvención en especie, regulada na disposición adicional 3ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, que se financiará con cargo aos gastos correntes da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 8º.-*Tramitación e resolución.*

1. Unha vez avaliadas todas as solicitudes, a comisión elaborará unha proposta de resolución en virtude da puntuación alcanzada pola aplicación do baremo.

2. A proposta será elevada pola comisión de avaliación ao/á xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar, que resolverá por delegación da conselleira de Traballo e Benestar.

3. A resolución da solicitude de axuda seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de catro meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que

determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-Xustificación da axuda.

Os seleccionados están obrigados a presentar fotocopia compulsada do xustificante de matrícula correspondente aos estudos que van cursar ou, no caso dos alumnos do 3º ciclo, certificado do xefe do departamento universitario correspondente conforme o interesado está realizando o doutoramento naquel, antes do 31 de outubro de 2009. No caso de que o interesado non poida presentar a fotocopia compulsada do xustificante de matrícula no referido prazo, por causa imputable ao centro en que vaia cursar os seus estudos, deberá comunicar esta circunstancia por escrito, presentando unha fotocopia compulsada da preinscrición na facultade ou escola universitaria correspondente, e deberá, non obstante, presentar a fotocopia compulsada do xustificante de matrícula no momento en que a faga.

Artigo 10º.-Obrigas dos colaboradores-bolseiros.

1. A condición de colaborador-bolseiro obriga a este nos termos previstos no artigo 14.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Obriga de incorporarse ás residencias xuvenís o día 18 de setembro, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

En caso contrario perderán o dereito á praza adxudicada, procedéndose a cubrir a vacante conforme a lista confeccionada pola comisión de avaliación. Utilizarase este mesmo procedemento cando durante o curso escolar se produza algunha vacante nas prazas ofertadas.

3. A condición de colaborador-bolseiro obriga a este a participar en todas as tarefas e cometidos relacionados coa dinamización do centro en actividades de: información xuvenil, biblioteca, informática e deporte, entre outras, e correspóndelle ao director da residencia asignar estas tarefas en función do proxecto de actividades previsto no artigo 3.4º f) da orde.

Artigo 11º.-Natureza da relación bolseiros-Administración.

A solicitude da bolsa e a súa posterior aceptación, no caso de adxudicación, implicarán a aceptación do disposto nesta orde.

Os seleccionados adquirirán exclusivamente a condición de bolseiros, sen ningunha relación laboral ou administrativa.

Artigo 12º.-Revogación ou interrupción no disfrute das bolsas.

O/a xefe territorial, logo dos informes pertinentes, tras a audiencia ao interesado e motivando a resolución, procederá á revogación da resolución de outor-

gamento das bolsas nos casos previstos no capítulo I do título II da Lei de subvencións de Galicia, así como cando os adxudicatarios:

a) Incumprisen as condicións, obrigas e incompatibilidades previstas nos artigos 2 e 10 desta orde.

b) Incorresen en ausencias reiteradas e inxustificadas.

c) Incumprisen a disciplina do centro.

Os adxudicatarios quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar nos/nas xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia na Lei de subvencións de Galicia, e demais normas de procedente aplicación.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web a relación das entidades beneficiarias e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Cuarta.-De acordo co establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a persoa beneficiaria autorizará a Consellería de Traballo e Benestar a incluír e facer público, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO <i>SOLICITUDE DE PRAZAS DE COLABORADORES-BOLSEIROS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR</i> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS303C | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

DATOS DO/A SOLICITANTE

| | | | |
|------------------|-----------------|---------------|----------|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | CIF/NIF |
| | | | |
| ENDEREZO | | PROVINCIA | |
| | | | |
| CONCELLO | LOCALIDADE | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |
| | | | |

CENTROS SOLICITADOS

| | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> CENTRO RESIDENCIAL X. LUG (LUGO) | <input type="checkbox"/> FLORENTINO L. CUEVILLAS (OURENSE) |
| | <input type="checkbox"/> ALTAMAR (VIGO) |

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

| |
|---|
| <input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do DNI para españois ou equivalente para estranxeiros da Unión Europea, ou tarxeta de residencia do/a solicitante, no caso de naturais doutros países. |
| <input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada de todas as follas do libro de familia, ou fotocopia compulsada do título de familia numerosa, se é o caso. |
| <input type="checkbox"/> Certificado de empadramento de posuír residencia familiar en Galicia, se é o caso. |
| <input type="checkbox"/> Certificación oficial, orixinal ou copia compulsada do último curso universitario ou ciclo formativo de grao superior. |
| <input type="checkbox"/> Copia compulsada da declaración do IRPF de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar correspondente á última renda. No seu defecto, certificación de facenda da circunstancia de non ter a obriga de declarar. |
| <input type="checkbox"/> Certificado médico en que se faga constar que o/a solicitante non padece enfermidade contaxiosa nin defecto físico ou psíquico. |
| <input type="checkbox"/> Proxecto de actividades para a residencia xuvenil. |

OUTROS DATOS

| |
|--|
| FOI COLABORADOR NALGUNHA RESIDENCIA XUVENIL: |
| <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si (indicar cal) _____ |

| |
|---|
| DECLARO que son certos os datos consignados nesta solicitude e comprométo-me, se son seleccionado/a, a presentar a documentación acreditativa que sobre eles se solicite. |
|---|

| | | |
|--|---|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.</i> | (Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ REVISADO E CONFORME _____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____ | NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____ |
| SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de 2009 | | |

Xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar